

## A OFOE, O VICERREITOR E AS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Os estudantes da Universidade de Vigo, un colectivo de máis de 25.000 alumnos, levan 9 meses sen orientadores laborais ao non renovarse os contratos da oficina de orientación ao emprego (OFOE). E nesta situación seguirán, cando menos, ata marzo de 2004, mes no que se poderá renovar o acordo entre a Xunta de Galicia e a Universidade. É todo pola obstinación, prepotencia e descoñecemento do vicerreitor de relacións institucionais que pretendeu dende o primeiro momento amañar o proceso de selección para evitar que traballadoras que xa viñan desempeñando ese oficio puideran, en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes, continuar ocupando as prazas.

Ata marzo deste ano cinco orientadoras laborais viñan desenvolvendo o seu labor nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo e tras catro anos consecutivos, nos que se lles foron renovando puntualmente os seus contratos, todo parecía indicar que de novo se ía proceder a continuar co mesmo persoal. Máis que nada porque realizaban un bo traballo, estaban a cumprir sobradamente os obxectivos prefixados e, ademais, non podía existir escusa económica xa que estes contratos teñen un custe cero para a universidade ao asumilos na súa totalidade a Xunta de Galicia.

Pero no seu camiño cruzouse un vicerreitor que, antes de ostentar ese posto foi responsable desa mesma oficina quen, movido seguramente, polas ínfulas do cargo, pretendeu utilizar o seu autoritario dedo para sinalar quen tiña que continuar e quen non, saltándose con total impiedade, os principios de capacidade, igualdade, mérito e publicidade, e a súa ansiedade selectiva foi tan ousada que chegou a facer unha segunda escolla, restrinxida só o ámbito da Universidade Vigo, porque os resultados da primeira non foron os que el buscaba, esmagando así, cun só golpe, e con precisa ignorancia, tódolos principios que rexen a selección de persoal na administración pública... e a cousa non quedou aí pois a chafallada chegou a cotas tan altas que ao final as persoas elixidas non cumpren, sequera, os requisitos que el mesmo estableceu.

O abraio que a actuación deste membro do equipo de goberno foi deixando entre os responsables do Servicio Galego de Colocación e da Xunta de Galicia crea entre nós un crecente desacougo pola calidade das relacións que poida establecer con outros organismos. Non queremos dar ideas, mais noutras latitudes, con menos motivos, os designados abandonan os cargos e volven o lugar do que partiron.